

AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores), NIF G-70266044, con número de rexistro na Xunta de Galicia 2010/014150-1(sc), e incluída no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais,

### **Alegacións ao Anteproxecto de Lei para o exercicio da corresponsabilidade parental en caso de nulidade, separación e divorcio**

#### **Normativa de referencia:**

**Constitución Española:** art. 9, sobre a liberdade dos individuos; art 15, sobre o dereito á vida e á integridade física e moral; art. 39, sobre a protección da infancia;

**Convención dos Dereitos do Neno-a:** art. 3 sobre o interese superior do neno-a; art. 6 sobre o dereito á vida; art. 9 sobre o dereito a manter contacto con ambos proxenitores; art. 12 sobre o dereito a ser escoitado-a (ampliado a través da Observación Xeral nº 12 do Comité de Dereitos do Neno); art. 18 sobre a responsabilidade de ambos proxenitores na crianza e desenvolvemento dos fillos-as; art. 19 sobre o dereito a recibir protección ante calquera forma de dano ou prexuízo; art. 34 sobre a protección ante calquera forma de explotación e abuso sexual; art. 39 sobre o dereito á recuperación dos nenos-as vítimas.

**Lei de Protección Xurídica do Menor**, que adopta o articulado da Convención dos Dereitos do Neno (CDN).

**Dereito Español de Familia**, en canto asenta o interese superior do menor como principio reitor.

**Lei 42/2003**, referente ao dereito á relación dos netos-as cos seus avós-as. art 1.5

(Código Civil, art. 90, 94, 160).

**Código Civil, Capítulo VI**, sobre a pensión de alimentos.

**Directiva EU 2011/92**, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil

**Directiva EU 2012/29**, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos

**Condena da ONU ao Estado español por non protexer a dúas vítimas, nai e filla, de violencia de xénero**, na cal descríbense algunhas taras do sistema xudicial español no ámbito da violencia de xénero, tanto cara ás mulleres como cara aos fillos-as e esíxense unha serie de modificacións do mesmo.

**Lei Orgánica do Poder Xudicial**, exposición de motivos: "adecuar (a lei) á realidade xurídica, económica e social. Será preciso para iso un arduo labor de reforma da lexislación española, parte da cal foi xa acometida, ao obxecto de lograr un todo harmónico caracterizado

pola súa uniformidade".

**Lei de Enxuízamento Civil**, en canto establece a "razón de ciencia" como base para os argumentos dos especialistas e peritos (art. 370, 376).

**STS/ 29-04-2013, Nº 257/2013, REC. 2525/2011** en canto establece as condicións para a concesión de custodia compartida.

A continuación dispoñémonos a expoñer punto por punto aqueles aspectos do *anteproxecto de lei para o exercicio da corresponsabilidade parental en caso de nulidade, separación e divorcio* que implican, ao noso xuízo:

- inconstitucionalidade por vulneración de dereitos fundamentais, tales como dereito á liberdade, á vida e á integridade física e moral, dereito do neno-a a recibir protección.
- incumprimento de varios dos artigos da Convención dos Dereitos do Neno-a,
- discordancia co conxunto normativo no ámbito civil no relativo ás decisións que incumben aos fillos-as,
- vulneración dos acordos adoptados internacionalmente por parte do Estado español en materia de protección de vítimas menores de idade e vítimas de violencia de xénero, así como na loita contra a violencia sexual contra os nenos-as
- retroceso nos dereitos das mulleres e dos seus fillos-as, contrario ao horizonte establecido polo marco internacional na materia,
- contradición co establecido na Lei de Enxuízamento Civil, ao introducirse normativamente unha práctica profesional non científica desenvolvida por parte dun colectivo de profesionais da psicoloxía á marxe do recoñecemento da comunidade científica.
- contradición coa xurisprudencia asentada en materia de custodia compartida, segundo a cal esta pode concederse nos casos en que se dan unha serie de circunstancias e a condición de que a decisión se motive en base ao interese superior do neno-a.

### **1º O interese superior do neno-a.**

Tanto a CDN como o noso ordenamento xurídico establece que o interese superior do neno-a guiará a toma de decisións no marco dos procedementos xudiciais de familia. Establécese a obriga de que se motive a consideración dese interese superior estudando individualmente cada caso. Un dos elementos que a CDN considera fundamental para valorar o interese superior é escoitar ao neno-a e ter en conta a súa opinión.

O proxecto de lei afástase deste principio ao considerar xenericamente que o interese superior do neno-a é relacionarse con ambos proxenitores.

A CDN especifica que o neno-a ten dereito a relacionarse con ambos proxenitores, salvo que sexa contrario ao seu interese superior, o que na práctica habitual dos xulgados españois tradúcese no dereito dos pais ao réxime custodia ou de estancia/relación/comunicación, ata cando o neno-a se manifesta en contra dese réxime. O que é un dereito filial vese deformado en deber filial.

\*Páx. 20: valorárase á hora de atribuír o réxime de custodia "a implicación e vontade de cada un (dos proxenitores) para (...) cooperar entre si para garantir a relación dos fillos con ambos proxenitores".

É importante sinalar que o sistema xudicial español continúa sendo deficitario en canto aos procedementos por violencia de xénero (nos cales os fillos-as poden ser vítimas directas ou indirectas), así como naqueles que investigan maltrato infantil ou abuso sexual infantil, especialmente se este se produce no ámbito familiar. Dúas Directivas europeas (EU 2011/92, EU 2012/29), a primeira das cales debía entrar en vigor en decembro de 2013, fan fincapé nos aspectos aos que deben dar cumprimento os estados parte (especialización de profesionais, gravación do testemuño de nenos-as vítimas, coordinación interinstitucional, evitar atrasos inxustificadas,...).

Se sumamos a precariedade en que se desenvolven os procedementos sobre violencia no ámbito familiar ás pretensións deste anteproxecto de lei, atopámonos cun escenario no que as vítimas de violencia (nais e fillos-as) cuxas causas non prosperaron veranse sometidas a presión para aceptar réximes de custodia ou visitas. Desprázase o centro do debate: xa non é o interese superior do neno-a, senón do propio procedemento, é dicir o establecemento dun réxime de custodia que asegure a relación con ambos proxenitores ao 50%, sistema salomónico que non se adapta á esixencias legislativas dos nosos tempos, supón un plus de desprotección para os fillos-as vítimas directas ou indirectas no ámbito familiar e non se centra en mellorar os procedementos a través dos cales se chega á consideración do que é máis beneficioso para o desenvolvemento integral de cada neno-a.

\*O II Plan Estratégico Nacional de Infancia e Adolescencia 2013-2016 recolle diversas medidas entre as que se inclúe:

1.2.1.- *Interese superior do Neno: Establecer, unificar e sistematizar criterios para determinar o interese superior do Neno entre os distintos poderes do Estado e Administracións, incorporándose á próxima revisión legislativa sobre protección á infancia.*

**2º Sobre o dereito do neno-a a ser escoitado-a** para a toma de decisións sobre cuestións que teñen relevancia na súa vida.

Moi ligado ao momento anterior, en canto o primeiro que é necesario coñecer para establecer o seu interese superior é coñecer a vontade do neno-a, queda en dúbida neste anteproxecto, que manifesta reiteradamente que se escoitará ao menor "que teña xuízo". Isto na práctica significa deixar a decisión do maxistrado-a si se debe de escoitar ou non ao neno-a respecto de asuntos tan cruciais como a custodia ou o réxime de relación cos proxenitores.

A CDN maniféstase en sentido ben distinto, e así o aclara en Comité dos Dereitos do Neno na súa Observación Xeral nº 12 que establece que a idade non será motivo para deixar de escoitar ao neno-a e que o que deberá facerse é adaptar os procedementos a través das cales se realiza a escoita ás necesidades e características de cada neno-a (chegando a facer referencia a instrumentos aplicables en idades preverbais).

A Lei de Protección Xurídica do Menor fai outro tanto ao sentar na exposición de motivos que "As limitacións que puidesen derivarse do feito evolutivo deben interpretarse de forma restritiva. Máis aínda, esas limitacións deben centrarse máis nos procedementos, de tal xeito

que se adoptarán aqueles que sexan máis adecuados á idade do suxeito".

### **3º Dereito do neno-a a recibir protección**

O punto 5 da páxina 20 do anteproxecto de lei fai unha salvedade para que o xuíz poida outorgar a custodia a un proxenitor que sexa condenado en firme, unha vez cumpra sentenza, por:

- atenar contra a vida do outro cónxuxe ou dos fillos
  
- contra a liberdade do outro cónxuxe ou dos fillos
  
- contra a integridade física ou moral do outro cónxuxe ou dos fillos
  
- contra a liberdade ou a indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos

Aínda que por simple ética cae de caixón a aberración desta formulación que de seu desacredita ao equipo que acometeu a redacción do texto, debemos dicir que isto produce un defecto por discordancia con outros instrumentos legislativos (A Lei Orgánica do Poder Xudicial deixa sentado que o marco xurídico debe ser "un todo harmónico"):

No referente á protección das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos-as, así como das vítimas menores de idade:

- Constitución Española, art. 39
  
- Directiva Europea EU 2012/29, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos.
  
- Condena da ONU ao Estado Español nº 47/2012.

No que se refire á protección dos nenos-as ante a violencia sexual incestuosa:

- Directiva EU 2011/92, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil.
- Esta establece a obrigação dos estados parte de impedir as persoas que sexan condenadas en firme por delitos contra a indemnidade sexual infantil poidan ocupar prazas en profesións que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade. Por extensión, moito menos poderase outorgar unha custodia.

- Novo Código Penal. A reforma do Código Penal en proceso de aprobación contempla a pena de prisión permanente revisable para algúns delitos considerados máis graves ou sen posibilidade de reinserción. Na lista inclúense algunhas tipoloxías de asasinatos (cando a vítima sexa menor de 16 anos ou especialmente vulnerable, cando sexa subseguinte un delito contra a liberdade sexual, entre outras).
- Proxecto de Lei de Protección da Infancia e a súa Lei Orgánica Complementaria
- Anteprojecto de Lei do Estatuto da Vítima do delito

A CDN nomea, así mesmo, o dereito das vítimas menores de idade á recuperación. Para iso é imprescindible eliminar o risco de revitimización ou polivitimización.

Haberá que facer referencia, ademais, a algúns datos sobre a situación dos nenos-as ante a violencia no ámbito familiar, pois como ben di o propio anteprojecto, a lei ha de adaptarse ás necesidades da sociedade:

-Segundo *Save the Children*, nos dous últimos anos 80 nenos-as quedaron orfos como consecuencia directa da violencia de xénero. Ademais outros 7 nenos-as perderon a vida xunto á súa nai.

-Segundo figura no texto do Proxecto de Lei de Protección á Infancia, o 64,9% das mulleres que padeceron maltrato tiñan fillos menores de idade no momento do maltrato. O 54,7% das mulleres contestan que os seus fillos padeceron violencia.

#### **4º Sobre o establecemento de a custodia compartida**

A custodia compartida é unha modalidade de custodia que xa estaba contemplada no Código Civil. Con todo, o seu establecemento está supeditado a que se cumpran unha serie de condicións, tal e como sinala a sentenza do Tribunal Supremo **STS/ 29-04-2013, Nº 257/2013, REC. 2525/2011.**

Partindo de que a custodia compartida se ditará a condición de que se motive en base ao interese superior do neno-a, en cada un dos casos individuais, a sentenza sinala a necesidade de que conflúan unha serie de circunstancias: petición por ambas partes, o cumprimento das responsabilidades de ambos proxenitores cara aos fillos-as, o respecto mutuo entre ambos, ... ademais deberá terse en consideración o que o menor manifeste, así como o resultado dos informes esixidos legalmente.

O contido do anteprojecto de lei permite ao xuíz ditar réxime de custodia compartida, aínda que non sexa solicitado polas partes, o cal non só entra en contradición coa xurisprudencia do Supremo, senón que implica un ataque á liberdade individual, pois mentres non se produza acción contraria ao benestar e desenvolvemento integral dos fillos-as debe darse liberdade aos proxenitores para decidir sobre as cuestións que se refiren á súa forma de organización familiar (art. 5 CDN).

A Lei debe afianzar a posición central do interese superior do neno-a. Determinar a custodia compartida imposta é sinónimo de actuar sen ter o interese superior do neno-a. Ata que unha

lei se decante por un tipo de custodia de xeito xenérica, implica vulneración deste dereito, pois o Tribunal ha de estudar en cada caso as circunstancias e decidir sobre cal é a opción máis beneficiosa para o benestar e o desenvolvemento integral dos fillos-as con total obxectividade e sen partir de consideracións previas.

### **5º Sobre o dereito dos irmáns a permaneceren xuntos**

Está amplamente asentada na xurisprudencia a práctica de manter xuntos aos irmáns, salvo en excepcións tales como a diferenza de idade acusada ou que o número de irmáns sexa demasiado alto como para que poida facerse cargo un só dos proxenitores. A convivencia dos irmáns é un elemento de estabilidade emocional que debe contemplarse sempre na avaliación do interese superior.

O proxecto de lei establece unicamente a este respecto "procurando non separar aos irmáns" (páx 19, punto 7).

### **6º Sobre a especialización de profesionais**

Tanto as Directivas Europeas (respecto de as vítimas menores de idade e ás vítimas de violencia de xénero), como as indicacións da ONU en materia de violencia de xénero, incluídas as que contén a recente Condena ao Estado español por non protexer a unha muller e a súa filla vítimas de violencia de xénero, fan especial fincapé á necesidade de especialización dos profesionais do ámbito xudicial ou daqueles servizos relacionados con infancia e con violencia de xénero (puntos de encontro, servizos sociais municipais, servizos de menores, equipos psicosociais e equipos forenses adxuntos aos xulgados).

Considérase fundamental o coñecemento das características da vítima para realizar unha intervención que protexa as súas necesidades específicas e evite a vitimización secundaria, así como para analizar correctamente e en base ao establecido cientificamente os datos extraídos na intervención.

Trátase de obrigacións adoptadas polo Estado español no marco de políticas internacionais para a erradicación da violencia contra a muller e contra a infancia.

A este respecto o proxecto de lei é breve, facendo referencia unicamente a "expertos debidamente cualificados", pero sen identificar o grado e tipo de cualificación.

Dicimos isto porque outras leis anteriores xa manifestaban a posibilidade de requirir a participación de expertos e a realidade é que nos servizos nomeados máis arriba a selección de persoal non se realiza en absoluto en base a criterios de especialización (as oposicións para ocupar prazas de psicólogo en equipos psicosociais ou forenses públicos non son exclusivas senón que se concursa para calquera praza da Consellaría ou organismo responsable; cos equipos de menores sucede o mesmo; os puntos de encontro familiar son na súa maioría entidades privadas subcontratadas con sistemas autónomos de selección de persoal).

Isto é especialmente grave para a atención de vítimas de moi curta idade que requiren duns coñecementos e habilidades completamente específicas, tanto na forma de realizar as intervencións como na detección de indicadores e as ferramentas para realizar o estudo do seu testemuño. Non é pouco corrente que os equipos psicosociais ou de psicoloxía forense aduzan a curta idade do neno-a como xustificación para non realizar un estudo, o cal non implica a derivación a outro servizo máis específico (p.ex. unidades de saúde mental infanto-

xuvenís).

## **7º Sobre a confusión de roles**

Os equipos forenses adxuntos aos xulgados teñen como finalidade dotar aos xulgados do apoio técnico para a realización das probas forenses, tanto no ámbito da medicina como da psicoloxía. Os psicólogos forenses poden ser requiridos polo tribunal para realizar a avaliación forense de individuos (saúde mental, avaliar a presenza de determinados trastornos,...), para analizar a credibilidade do testemuño e, cando se trata de nenos-as, para dar auxilio xudicial, é dicir guiar a toma de declaración ao neno-a.

Os equipos psicossociais son equipos multidisciplinares (normalmente: psicoloxía/traballo social) que se encargan de avaliar a idoneidade dos proxenitores para exercer a custodia e de propoñer un réxime de custodia e/ou de visitas.

Algo fundamental no noso ordenamento xurídico é que os ditames dos equipos forenses e psicossociais non son vinculantes senón que os profesionais teñen que dar fe de ciencia ante o tribunal e é en última instancia o xulgador-a quen debe determinar sei a proba é válida ou non. Aínda que isto está claramente especificado nas leis de enxuízamento civil e criminal respectivamente, a práctica común converteu os ditames forenses e psicossociais en pseudo-sentenzas, facéndose uso dunha especie de método mixto xurídico-psicolóxico que afasta ao psicólogo-a do rol da súa profesión. Isto xera un conflito deontolóxico, pois os profesionais teñen a obriga de limitarse ás prácticas que son propias da súa profesión, evitando o intrusismo en ámbitos que lle son alleos. E ao mesmo tempo produce unha deformación do procedemento xudicial pois as sentenzas son habitualmente meras transcricións do contido dos informes, sen que se poña en cuestión nin as prácticas profesionais nin a validez e credibilidade dos ditames.

O anteproxecto de lei coloca en primeira liña o papel do psicossocial, pois debe avaliarse o plan para o exercicio da corresponsabilidade parental, que aínda que non se desprende nitidamente do texto, entendemos que será competencia dos equipos psicossociais.

## **8º Sobre a utilización de prácticas non científicas. A teoría do proxenitor amable**

Varios países no mundo, entre eles o Estado Español e a veciña Francia (unha das referenzas do anteproxecto), están deixando contaminar o seu sistema xudicial con prácticas que se afastan dos roles atribuídos ao psicólogo-a e ao xuíz-a. Este combinado psicolóxico-xurídico está provocando a sistematización de prácticas que colocan ás vítimas de violencia no ámbito familiar en situación de extremo risco, sendo especialmente preocupante o caso dos fillos-as menores pola súa escasa ou nula capacidade de decisión e emancipación.

Detrás desta estrutura deformada do sistema xudicial, atópanse as teorías encadradas baixo o nome de síndrome de alienación parental, que pode aparecer baixo diferentes siglas pero que en esencia conlevan a mesma práctica: desestimar os testemuños dos nenos que relatan sufrir maltrato a mans dos proxenitores (poderíamos dicir pais, dado o pronunciado sesgo de xénero que conleva esta práctica), considerar aos nenos influenciados ou alienados polas súas nais,

que se moven por motivos perversos tales como danar ao pai e impedir que se relacione cos fillos-as; propónse a terapia da ameaza para lograr a "desprogramación" dos fillos-as, que consiste en ameazar de xeito explícito (algúns autores recomentan facelo en sé xudicial) aos nenos-as con perder o contacto coa nai, co cambio de custodia, con penas privativas de liberdade para a nai ou co ingreso en centro de menores en caso de persistir na actitude de rexeitamento. A ameaza lévase a cabo se o neno-a non cede na súa actitude.

Aínda que xa se dixo reiteradamente, non nos cansaremos de recordar que esta teoría non foi aceptada pola comunidade científica e non aparece nos catálogos de trastornos mentais a nivel internacional, máis ben ao contrario, tanto a OMS como a Asociación Americana de Psiquiatría pronunciáronse en contra da súa validez. Por outra banda non podemos deixar de recordar que o creador desta teoría, R. Gardner, era un ardente defensor da pedofilia.

Unha das vertentes suaves desta teoría é a que se coñece como teoría do proxenitor amable. Podemos afirmar que o presente anteproxecto de lei non é outra cousa senón a tradución ao ámbito legislativo dos principios desta práctica non científica defendida por algúns grupos de psicólogos-as á marxe dos principios científicos e deontolóxicos.

A teoría do proxenitor amable podería resumirse como segue: á hora de avaliar réximes de custodia e visitas, o psicosocial centrarase en coñecer cal dos dous proxenitores facilitará previsiblemente máis a relación do outro proxenitor cos fillos-as. A ese proxenitor, o amable, entregarase a custodia por ser o que permitirá que os fillos-as manteñan relación con ambos proxenitores. Todo pode parecer diáfano e sinxelo, ata que nos suscitamos a pregunta: que sucede cando un dos proxenitores foi sometido a maltrato?, a pregunta sería máis correcta así: que sucede cando a muller maltratada que denunciou maltrato e cuxa causa foi sobresida se opón a que o pai poida manter relación non supervisada cos fillos-as?, que sucede cando a nai coñece a existencia de maltrato ou abuso sexual cara aos fillos-as e as causas, como é habitual<sup>1</sup> non prosperan? Será a nai o proxenitor amable? Non. Serao o pai e os fillos-as serán colocados en situación de total desprotección. Un informe norteamericano<sup>2</sup> indica que, tras a introdución da sap nos xulgados as mulleres que denunciaron violencia de xénero, maltrato infantil ou abuso sexual tiñan un 70% máis de probabilidades de perder a custodia que aquelas que non o fixeron.

No Estado español non faltan exemplos de erros xudiciais que conduciron á morte dos fillos-as a mans do proxenitor. Nese caso non é discutible se se estaba producindo maltrato, pois a privación da vida ten resultados evidentes.

Con todo a violencia institucional pode ser silenciosa: centos de nenos-as son sometidos a réximes de custodia e visitas en contra da súa vontade, dítanse autos que ameazan a nais e fillos-as, execútanse medidas como a suspensión do contacto entre nai e fillos-as mentres os fillos-as non cedan en visitar ao proxenitor, entréganse nenos-as facendo uso de manu mili, etc.

---

<sup>1</sup> "La Justicia española ante el abuso sexual infantil en el entorno familiar". Save the Children. 2012

<sup>2</sup> Mitos que ponen en peligro a los niños durante las disputas por custodia. Leadership Council on Child Abuse & Interpersonal Violence. En revista "Crecer sin violencia" volumen 9, nº 3. 2006



Mentres se malgastan medios e esforzos en demostrar a denuncia falsa (que o CGPJ estudou, resultando anecdótica: 0,01%) e a existencia da síndrome de alienación parental (non científico, rexeitado pola comunidade científica internacional), o Estado español segue sen cumprir os seus compromisos en materia de atención a vítimas de violencia de xénero mulleres, nenos e nenas, vítimas menores de idade, vítimas de abuso sexual infantil e de adaptación do sistema xudicial ás necesidades e características das persoas menores de idade.

Establecer a mediación por imposición xudicial é unha práctica que se encadra no mesmo sistema. A mediación non se pode aplicar cando existen antecedentes de violencia. Con todo, partindo de que non é fácil demostrar a existencia de maltrato no ámbito familiar (especialmente algunhas tipoloxías que non implican violencia física: maltrato emocional; negligencia no coidado dos fillos-as, abandono, abuso sexual, etc), prodúcense falsos negativos de xeito frecuente, o cal impide argumentar para declinar a mediación.

Unha vez sentada na mesa de mediación, a muller vítima ou nai de vítima verase sometida non só á revitimización por parte do agresor, senón tamén ás presións por parte da institución, pois se espera dela un papel colaborador en asegurar a relación entre os seus fillos-as e o proxenitor que exerceu o maltrato. Nomeámolo deste xeito porque, aínda que non todos os casos coincidirán con este patrón, é unha das posibles situacións.

### **9º Amparar a contradenuncia como método para silenciar ás vítimas**

O punto 6 da páxina 21 fai referencia a que, cando ambos proxenitores sexan condenados en firme por atentar contra integridade física ou moral, a liberdade,..., o xuíz-a poderá outorgar a custodia a calquera deles.

Veuse instaurando a práctica común de presentar contradenuncias como estratexia para contrarrestar a efectividade da denuncia de violencia de xénero, maltrato infantil ou abuso sexual infantil (por exemplo: por actuar en defensa propia causando algunha lesión ao agresor, aínda que sexa mínima; por maltrato psicolóxico aos fillos-as -alienación parental-; por difamación,...). Se se converteu en práctica común é porque efectivamente logra os efectos esperados.

O artigo nomeado ao comezo do apartado non só alenta a presentación de contradenuncias, pois os beneficios son evidentes, senón que pode resultar un risco maior de conflitividade e de violencia contra as vítimas co fin de lograr o argumento para a contradenuncia.

Non se fai referencia á ponderación de cada unha das situacións que provocaron a denuncia e a contradenuncia. Como exemplo, nun caso real feito público recentemente, a muller foi atacada gravemente polo seu ex-marido e unha acompañante causándolle lesións serias. A muller defendeuse do ataque causando un rabuñada ao home. De resultas da contradenuncia, ambos foron condenados e estableceuse custodia compartida.

### **10º Prolongación da burocracia do divorcio**

O anteproxecto prevé a introdución dunha fase previa á tramitación do divorcio, separación ou nulidade. Presentada a solicitude de divorcio, separación ou nulidade, o xuíz-a citará ás partes a unha comparecencia na cal deberán intentar chegar a un acordo. Se no prazo de 3 días

algunha das partes non se ratifica no acordo, quedará pechado o procedemento. Neste caso, as partes poderán iniciar demanda de divorcio, separación ou nulidade, que deberá incluír o plan para o exercicio da corresponsabilidade parental.

Esta prolongación da burocracia ten varios efectos negativos:

- enlentece o procedemento
- dificulta a toma de decisións, especialmente se se trata de mulleres maltratadas ou nais denunciante de maltrato ou abuso sexual cara aos fillos-as. O primeiro acto consiste en intentar o mutuo acordo, o cal podería ser prexudicial en certos casos.
- mentres se cumpren estes trámites, non se fai mención á situación en que permanecen as vítimas de violencia de xénero e as vítimas menores de idade.
- visualízase dun xeito máis evidente ao maxistrado-a como reitor en aspectos que se encadran no campo das liberdades individuais: o xuíz-a obriga ás partes a intentar chegar a un acordo; as partes teñen que solicitar ao xuíz-a o divorcio, separación ou nulidade; o xuíz-a pode impoñer a mediación.

### **12º Sobre a pensión de alimentos como dereito do neno-a**

Establece o proxecto de lei, na páx. 25 que a contía da pensión de alimentos establecerase tendo en conta quen permanece como titular ou en usufruto da vivenda.

A este respecto é preciso recalcar que, por unha banda, as decisións respecto da vivenda responden ás necesidades dos fillos-as e non ás dos proxenitores.

A pensión de alimentos, como parte do exercicio da responsabilidade parental, é un dereito exclusivo dos fillos-as que non pode ser limitado salvo por motivos de insolvencia.

### **13º Sobre a confusión de termos xurídicos: absolución vs sobresemento**

Na páx. 21 déixase constancia de que motivarán novo debate sobre custodia as sentenzas absolutorias sobre situacións de violencia de xénero e/ou maltrato infantil, así como o sobresemento libre deste tipo de causas.

Respecto diso é necesario apuntar a diferenza substancial existente entre ambos conceptos: no primeiro dos casos demóstrase a inocencia do acusado-a; no segundo a causa se sobresé por non poder constatarse o ilícito (falta de probas, probas insuficientes para determinar autoría, etc).

Polo tanto, e en base ao principio de cautela, o segundo dos casos non debe ser motivo para determinar un cambio de custodia, xa que está ordenado lexislativamente que as decisións sobre custodia tomaranse en base ao interese superior do neno-a e tras escoitar a súa opinión. É necesario ter presente que, dado que o sistema xudicial español presenta importantes limitacións na persecución dos delitos que se producen no ámbito familiar, ditas limitacións non poden actuar en prexuízo dos dereitos dos nenos-as, especialmente no que se refire á protección ante calquera tipo de maltrato ou trato degradante.

#### **14º Sobre o sesgo de xénero presente no texto prelexislativo**

Advirte a ONU na súa histórica Condena ao Estado español por non protexer a dúas vítimas de violencia de xénero, que o sesgo de xénero está presente nas institucións e que o Estado debe tomar as disposicións necesarias para evitar que así sexa.

Todo o alegado con anterioridade implica de seu un sesgo de xénero preocupante non só polas repercusións sobre os dereitos das vítimas de violencia de xénero, senón sobre todo porque prexudica gravemente aos nenos-as en procedementos xudiciais de familia.

#### **15º Sobre a curiosa interpretación do dereito das vítimas a recibir protección e do dereito á recuperación**

Páx. 21, 2º parágrafo do apartado 7. O anteproxecto expresa o seguinte: Se se entregase a custodia ou réxime de estancia, relación ou comunicación, en base ao establecido máis arriba, a un maltratador que cumprise condena, ou cando o delito prescribise, efectuarase seguimento diario da evolución dos fillos-as e do outro proxenitor (para asegurar a súa seguridade, integridade e recuperación??).

En primeiro lugar: a perplexidade respecto de que se poida outorgar unha custodia ou un réxime de estancia, relación e comunicación cos fillos cando exista dúbida sobre a súa seguridade, integridade e recuperación. Isto se contrapón ao principio de cautela, é dicir, ante a dúbida debe prevalecer a protección.

En segundo lugar, deste xeito sobre quen exerce control o Estado é sobre as vítimas, non sobre o maltratador.

Expresado de xeito menos abstracto: a muller maltratada ou nai de vítimas, á cal se lle retira a custodia ou que ten que entregar aos seus fillos-as para o cumprimento do réxime de estancia, relación e comunicación, é para maior inri sometida a un seguemento.

E desde a perspectiva da infancia: o neno-a que ve como a súa nai é agredida ou que recibe directamente o maltrato é entregado-a en custodia ou para cumprimento do réxime de estancia, relación e comunicación. E para asegurar a súa seguridade, integridade e recuperación sométeselle a seguimento.

É ilícito o comportamento das institucións que actúen prevendo que na súa decisión existe unha marxe de risco para a integridade e a seguridade das persoas menores de idade. Se existe dúbida respecto diso, o que debe facer a institución é establecer a medida de protección pertinente e permitirlle ao neno-a recuperar a normalidade e recuperarse emocional e fisicamente.

#### **16º Da cousificación dos fillos-as**

O texto do anteproxecto fai referencia aos asuntos sobre os que versa o convenio: os aspectos económicos e patrimoniais e todo o referente aos fillos-as (plan para o exercicio da corresponsabilidade parental).

Advirte, ademais, de que se farán efectivas as garantías reais e persoais para que este

convenio se cumpra, sen facer ningunha mención especial aos aspectos relativos aos fillos-as. É dicir, que a ollos da lei non hai diferenza entre facer entrega dun título de propiedade e cumprir un réxime de convivencia, utilizaranse as mesmas medidas nun e outro caso, o cal evidencia que os fillos-as considéranse unha posesión máis que pode ser repartida, entregada, requirida, etc.

Máis aló do obvio, os bens patrimoniais e os fillos-as non poden ser tratados de igual xeito. Se una das partes considera que non debe entregar un ben patrimonial porque vai en contra dos seus dereitos, o tribunal pode esixirlle a súa entrega, posteriormente xúlgase a causa e en caso de erro restitúeselle o ben e calcúlanse as perdas que lle serán reintegradas.

Se una das partes considera que entregar a un fillo-a implica un risco para o seu integridade, o tribunal pode esixirlle que execute a entrega, pero en caso de ter cometido un erro non poderá emendarse a perda ou o dano que se produciu por tal acto.

O Código Civil precisa ser reformado para garantir que os fillos-as reciben o trato que lles corresponde como persoas con dereito á integridade física e moral, a non ser obxecto de trato degradante, a que se lle escoite e teña en conta.

Por todo o expresado, AGAMME considera que o anteproxecto de lei para o exercicio da corresponsabilidade parental en caso de nulidade, separación e divorcio:

- Significa un paso atrás no recoñecemento dos dereitos da infancia.
- Non avanza na adaptación dos procedementos ás características e necesidades dos nenos-as.
- Aumenta o risco de cronificación das situacións de violencia de xénero, maltrato infantil e abuso sexual infantil.
- Conleva a cousificación dos fillos-as.
- Ampara prácticas psico-xurídicas non científicas.
- Mantén o sesgo de xénero no sistema xudicial.

Asociación Galega contra o Maltrato a Menores

Ferrol, a 3 de febreiro de 2015.